

O Tribunal das probas selectivas da praza de médico de empresa, grupo I, reunido o luns 5 de febreiro de 2024, con carácter previo á realización do segundo exercicio, **acordou**:

Primeiro : Facer públicos os **CRITERIOS DE CORRECCIÓN DO SEGUNDO EXERCICIO**, que serán os seguintes:

- O segundo exercicio consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 120 preguntas tipo test, máis 5 de reserva, con tres respostas alternativas das cales só unha será a correcta, propostas polo tribunal e correspondentes ao bloque de coñecementos específicos que figura no programa que se relaciona no anexo II.
- As preguntas de reserva entrarán a puntuarse, pola orde na que figuran, cando sexa preciso anular algunha das 120 formuladas inicialmente.
- As preguntas incorrectas non puntuarán negativamente.
- O tempo para a realización deste exercicio será de 125 minutos.
- Este exercicio cualificarase de 0 a 25 puntos e será necesario para superalo obter un mínimo do 60 % do total das respostas correctas, o que supón unha valoración de 15 puntos.

Segundo: Lembrar aos aspirantes que deberán presentarse para a realización de cada proba co DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade (pasaporte ou carne de conducir). Así mesmo, deberán presentarse provistas do correspondente lapis do nº 2 e goma de borrar para a realización do test.

Santiago de Compostela, *na data da sinatura electrónica*
A Presidenta do tribunal

CVE-DOG: f3ix0nz3-mrc9-alr3-6yg9-zhdpzx9s2zk9



1 / 2

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA ANGELES SANDAR PICADO, NIF ***4098**, 05/02/2024 10:25:33.

CSV: D37E-5980-425D-A05D